

Asunto:

Alegacións á RESOLUCIÓN do 08/03/2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, publicada no DOG do 06/04/2022 pola pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública do PARQUE EÓLICO MERENDÓN, expediente IN661A 2011/19-4, situado nos concellos de Oia e O Rosal (Pontevedra)

D/Dª _____ con DNI. Núm _____,
con domicilio para notificacións en _____ C.P. _____,
concello de _____, provincia _____, teléfono _____

EXPOÑO:

ALEGACIÓN 1. Este mesmo expediente (IN661A 2011/19-4) foi publicado no DOG 23/12/2021 e se publica de novo (DOG 06/04/2022). Deben incorporarse agora TODAS AS ALEGACIÓNS presentadas no seu momento.

ALEGACIÓN 2. Falla de xustificación da necesidade do despregamento eólico, actual e previsto.

ALEGACIÓN 3. O PLAN Sectorial Eólico Galego carece de Estudo de Impacto Ambiental.

ALEGACIÓN 4. Falla da preceptiva publicación do anuncio de exposición a información pública do proxecto no BOE segundo o artigo 125 do RD 1955/2000.

ALEGACIÓN 5. Non consta estudo do grao de aceptación do proxecto polos concellos afectados e pola poboación.

ALEGACIÓN 6. O intento de utilización da Lei 9/2021 para deslexitimizar a lexislación medioambiental é ilegal

ALEGACIÓN 7. Non consta estudo de impacto ambiental das alternativas propostas, só da alternativa escollida.

ALEGACIÓN 8. Nin o Promotor (Tiraventos, S.L.) nin a Xunta de Galicia xustifican a declaración de interese autonómico do proxecto eólico, nin a declaración de tramitación de urxencia do proxecto nin a declaración do proxecto como iniciativa empresarial prioritaria.

ALEGACIÓN 9. O estudo de alternativas non é válido. A Alternativa 1 é inviable.

ALEGACIÓN 10. O artigo 59 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia prohibe o cambio de uso forestal dos terreos queimados, por 30 anos. A zona ardeu no ano 2013.

ALEGACIÓN 11. Existe superposición de poligonais entre os PEs Merendón e Rosal.

ALEGACIÓN 12. Existe solapamento de aeroxeradores do PE Merendón e o PE Rosal.

ALEGACIÓN 13. Fragmentación fraudulenta de PEs. Os PEs Merendón e Rosal comparten estruturas polo que deben ser considerados proxecto único.

ALEGACIÓN 14. Vulneración dos artigos 2 e 6 da Directiva 92/43/CEE relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, actualizada a través da Directiva 97/62/CEE.

ALEGACIÓN 15. Deficiente avaliación da afección a hábitats e especies de interese comunitario consonte á Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, actualizada a través da Directiva 97/62/CEE.

ALEGACIÓN 16. Non se avalían os efectos sobre a superficie de ampliación da RN2000 proposta no ano 2011 (ES1140018).

ALEGACIÓN 17. Deficiente avaliación da afección a especies incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

ALEGACIÓN 18. Non se inclúe no EsIA a avaliación de efectos sobre a ZEPA "Espazo Mariño das Rías Baixas" (ES0000499) nin sobre a ZEC da Ramallosa (ES1140003).

ALEGACIÓN 19. Vulneración do artigo 3 da Ley 42/2007 del patrimonio Natural y de la Biodiversidade

ALEGACIÓN 20. Deficiente avaliación sobre os efectos á fauna e á flora.

ALEGACIÓN 21.- Deficiente avaliación dos efectos sobre os recursos hídricos.

ALEGACIÓN 22.- Deficiente avaliación sobre os efectos ocasionados polo efecto de parpadeo.

ALEGACIÓN 23.- Deficiente avaliación sobre os efectos do ruído.

ALEGACIÓN 24.- Deficiente avaliación sobre os efectos das radiacións electromagnéticas de baixa frecuencia.

ALEGACIÓN 25.- Vulneración das determinacións do planeamento urbanístico municipal dos concellos de Oia e O Rosal.

ALEGACIÓN 26.- Deficiente avaliación dos efectos derivados dos procesos de xestión de residuos, restauración e revexetación.

ALEGACIÓN 27.- Inadecuada temporalización dos traballos.

ALEGACIÓN 28.- Deficiente avaliación dos efectos derivados da fase de desmantelamento.

ALEGACIÓN 29.- Afección sobre a calidade paisaxística e sobre o tecido socioeconómico, en especial sobre o turismo.

ALEGACION 30.- Deficiente avaliación dos efectos ambientais sinérxicos e acumulativos.

ALEGACION 31.- Non se inclúe unha adecuada avaliación do recurso eólico.

ALEGACIÓN 32. No informe de impacto arqueolóxico non se contempla a totalidade do do patrimonio afectado.

ALEGACIÓN 33. Non se contemplan nin se avalían os efectos sobre o patrimonio etnográfico.

ALEGACIÓN 34. Non se avalían os efectos sobre a modificación das áreas territoriais dos garranos.

ALEGACIÓN 35. Non se avalían os efectos sobre o patrimonio inmaterial nin sobre o Camiño de Santiago.

ALEGACIÓN 36. Vulnéranse as Directrices da Paisaxe e non se avalían os efectos sobre os Bens do Patrimonio Inmaterial da Humanidade nin sobre o Camiño de Santiago

ALEGACIÓN 37. Non se avalía a aceptación da poboación ó parque eólico, que foi amplamente rexeitado polos plenos de todos os concellos afectados e pola sociedade en xeral.

ALEGACIÓN 38. O PE MERENDÓN non é compatible co Informe Sectorial do Instituto de Estudos do Territorio (IET)

ALEGACIÓN 39. O PE MERENDÓN non é compatible co Informe do Consello da Cultura Galega (CCG)sobre enerxía eólica e paisaxes culturais en Galicia

ALEGACIÓN 40. O Conxunto Serra da Groba, A Valga e Costa de Oia xunto co Galiñeiro-Monte Aloia deben ser considerados "Zonas de exclusión eólica" (OEGA, 2021)

Por todo o anteriormente exposto **SOLICITO:**

Que teña por presentado este escrito e por formuladas as alegacións que contén, que se presentan en tempo e forma, que sexan estimadas as mesmas e que en consecuencia se desestime a solicitude de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico "MERENDÓN" e, téndome por parte interesada, déseme traslado da resolución que recaia no presente procedemento administrativo.

OUTROSÍ DÍGO:

Que é preciso unha resposta razoada a estas alegacións de acordo a la Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

En _____ a _____ de _____ de 2022

Asdo.: _____